

A Asociación Cultural Canle de Lira foi beneficiaria dunha axuda da Consellería do Mar, ao abeiro da EDLP do GALP Costa Sostible, para poñer en marcha o proxecto Centro de Interpretación e Conservación da Cultura Mariñeira de Lira. Operación cofinanciada pola Unión Europea (FEMPA 70%) e pola Xunta de Galicia (30%). Axuda concedida: 200.000 €. Ademais, conta co patrocinio de 30.000 € de Stolt Sea Farm S.A. As obras iniciáronse en 2025 e prevese a finalización en 2026.

### Obxectivos do Centro

- Manter e divulgar o patrimonio mariñeiro da contorna, e destacadamente da lancha xeiteira “Canle”.
- Crear un espazo divulgativo aberto á comunidade e visitantes, poñendo en valor o patrimonio material e inmaterial do mar de Lira.
- Dinamizar social e culturalmente o Concello de Carnota e a súa contorna, fortalecendo o tecido asociativo e a participación.
- Promover a pesca artesanal e valorizar os produtos do mar e os oficios mariñeiros.
- Fomentar un turismo cultural e sostible que complemente a oferta e contribúa á economía local.
- Integrar sostibilidade ambiental, accesibilidade e igualdade de xénero.

### Resultados esperados

1. Centro innovador como punto de encontro, que dinamiza a vida social e cultural.
2. Mantemento da lancha “Canle” e difusión das tradicións mariñeiras, reforzando a identidade local.
3. Fomento da accesibilidade e da participación equilibrada de xénero, promovendo cohesión social.
4. Actividades que enriquecen a oferta cultural e impulsan un turismo de calidade máis desestacionalizado.
5. Promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas locais, favorecendo o desenvolvemento económico.
6. Alianzas con entidades do sector pesqueiro, educativo e cultural, potenciando o traballo en rede.
7. Aumento da conciencia sobre patrimonio mariño e conservación ambiental.



CONSELLERÍA  
DO MAR



Grupos de Acción Local  
do sector Pesqueiro  
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:  
Costa Sostible



**PROXECTO:** Centro de Interpretación e Conservación da Cultura Mariñeira de Lira (Exp. PE155A-2025-00077).

**PROMOTOR:** Asociación Canle de Lira

**AXUDA:** 200.000,00 €

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70% e un 30% da Comunidade Autónoma



**Cofinanciado pola  
Unión Europea**